


con debuxos do autor

# O Principiño

ANTOINE DE SAINT-EXUPÉRY



Título orixinal: *Le petit prince*

Tradutor: Carlos Casares

1ª edición: xullo, 1972

Tipografías de portada: Grand Hotel, Carrington, Helvética Neue 65 Medium



## A LEÓN WERTH

*Pídolles perdón aos nenos por lle dedicar este libro a unha persoa maior. Teño unha seria excusa: esta persoa maior é o mellor amigo que teño no mundo. Teño outra excusa: esta persoa maior pode comprendelo todo; ata os libros para os nenos. Teño unha terceira excusa: esta persoa maior viven en Francia, onde pasa fame e frío. Ten verdadeira necesidade de consolo. Se todas estas excusas non chegasen, quérolle dedicar este libro ao neno que esa persoa maior foi noutro tempo. Tódalas persoas maiores foron nenos antes. (Pero poucas se lembran). Corrixo, pois, a miña dedicatoria:*


A LEÓN WERTH

Cando era neno

# I

Cando eu tiña seis anos, unha vez vin nun libro sobre a Selva Virxe que se titulaba «Historias Vividas», unha magnífica estampa. Representaba unha serpe «boa» tragando unha fera.

Dicíase no libro: «As serpes 'boas' tragan a súa presa enteira de todo, sen mastigala. Despois non se poden mover e dormen durante os seis meses que tardan en face-la dixestión».



Matinei eu entón moito sobre as aventuras da xungla, e cun lápiz de cores conseguín traza-lo meu primeiro debuxo. O meu debuxo número 1. Era así:



Ensinéille-la miña obra de arte ás persoas maiores e pregunteilles se o meu debuxo lles metía medo.

Respondéronme: «¿Por que nos vai meter medo un sombreiro?»

O meu debuxo non representaba un sombreiro. Representaba unha serpe «boa» facendo a dixestión dun elefante. Entón debuxei o interior da serpe «boa» para que as persoas maiores puidesen comprender. Os maiores necesitan sempre explicacións. O meu debuxo número 2 era así:



As persoas maiores aconselláronme que deixase os debuxos de serpes «boa», ben as pintase por dentro ou por fóra, e que me interesase máis pola xeografía, a historia, o cálculo e a gramática. Foi deste xeito como abandonei, ós seis anos de idade, unha magnífica carreira de pintor. Quedara desalentado polo fracaso dos meus debuxos números 1 e 2. As persoas maiores nunca comprenden nada por si soas e é fastidioso para os nenos terlles que andar dando sempre explicacións.

Tiven, pois, que elixir outro oficio e aprendín a pilotar avións. Voei un pouco por todo o mundo. E a xeografía, é certo, servíume de moito. Á primeira ollada sabía distinguir China de Arizona. Isto é moi útil se se perde un na noite.

Ó longo da miña vida tiven montóns de contactos con montóns de xente seria. Vivín moito entre persoas maiores e téñoas visto moi de preto. Non mellorei gran cousa a miña opinión sobre elas.

Cando me atopaba con alguén que me parecía lúcido, facía con el a experiencia do meu debuxo número 1, que conservei sempre. Quería saber se se trataba dunha persoa verdadeiramente comprensiva. Pero sempre me respondían: «É un sombreiro». Entón xa non lle falaba nin de serpes «boas», nin

de selvas virxes, nin de estrelas. Púñame á súa altura e faláballe de bridge, de golf, de política e de gravatas. Todos quedaban sempre encantados de coñecer un home tan asisado.

## II

Deste xeito, vivín só, sen ninguén con quen poder falar verdadeiramente, ata que tiver unha avaría, hai seis anos, no deserto do Sahara. Derramárase algo no meu motor. E como non levaba comigo nin mecánico nin pasaxeiros, prepareime para facer, eu soíño, unha reparación difícil. Para min era cuestión de vida ou morte. A penas tiña auga para beber durante oito días.

A primeira noite durmín sobre da area, a mil millas de distancia do lugar habitado máis próximo. Estaba ben máis illado que un náufrago nunha balsa no medio do océano. Imaxínade entón a miña sorpresa cando, ó romper do día, despertoume unha graciosa vociña que dicía:


-Por favor..., ¡píntame un año!

-¡Eh!

-¡Píntame un año!

Peguei un brinco como se me ferise un raio, restreguei os ollos, mirei ben arredor de min e vin un rapaciño extraordinario que me ollaba gravemente. Velaí téde-lo mellor retrato que, máis adiante, conseguín facer del. Pero o meu debuxo, estou seguro, é moito menos engaiolante có modelo. A culpa non é miña. As persoas maiores desalentáronme da miña carreira de pintor cando eu tiña seis anos e aínda non aprendera a facer máis que as «boas» pechadas e as «boas» abertas.





*Velaí téde-lo retrato que, máis adiante, conseguín facer del.*

Contemplei esta aparición cos ollos redondos polo abraio. Non vos esquezades de que me atopaba a mil millas de distancia do lugar habitado máis próximo. Ademais o rapaciño non me parecía perdido, nin morto de cansazo, nin morto de fame, nin morto de sede, nin morto de medo. De ningunha maneira parecía un neno perdido no medio do deserto, a mil millas de distancia do lugar habitado máis próximo. Cando por fin conseguín falar díxenlle:

-Pero... ¿que fas ti aquí?

E el repetiu entón docemente, como se se tratase dunha cousa moi importante:

-Por favor..., píntame un año...

Cando o misterio é demasiado impresionante, non se atreve un a desobedecer. Por moi absurdo que aquilo me parecese a mil millas do lugar habitado máis próximo e en peligro de morte, saquei do meu peto unha folla de papel e unha pluma estilográfica. Recordei entón que eu estudiara, sobre todo, xeografía, historia, cálculo e gramática, e xa cun pouco de mal humor, díxenlle ó rapaciño que eu non sabía debuxar.

-Non importa. Píntame un año.

Como nunca debuxara un año, pinteille un dos únicos debuxos que era capaz de facer. O da «boa» pechada. E quedei chafucado cando lle oín dicir:

-¡Non! ¡Non! Eu non quero un elefante dentro dunha «boa». Unha «boa» é moi peligrosa e un elefante é demasiado embarazoso. No meu país todo é pequeniño. A min cómpreme un año. Píntame un año.

Debuxeillo e o rapaciño miroume atentamente e dixo:

-¡Non! Este xa está moi enfermo. Faimo outro.



Volín debuxar. O meu amigo sorriu xentilmente, con indulxencia.

-¿Ves?... Isto non é un año, que é un carneiro. Ten cornos...




Refixen outra vez o meu debuxo, que foi rexeitado como os anteriores.

-Este é demasiado vello. Eu quero un año que viva moito tempo.



Perdendo a paciencia e con ganas de empezar a desmonta-lo motor, esborranchei un novo debuxo e díxenlle:

-Esta é a caixa. O año que ti queres está dentro.



Cunha gran sorpresa para min, o rostro do meu xove xuíz iluminouse:

-¡Así é o que eu quería! ¿Pensas que fai falla moita herba para este año?

-¿Por que?

-Porque no meu país é todo tan pequeniño...

-Chegarache. O año que che dei é moi pequeno.

Inclinouse sobre o debuxo e dixo:

-Non é tan pequeno. ¡Mira! Quedou durmido.

E así foi como coñecín o principiño.

### III

Tardei moito tempo en comprender de onde viña. O principiño, que me facía moitas preguntas, semellaba que nunca oía as miñas. Foron palabras pronunciadas ó chou as que me revelaron o segredo pouco a pouco. Así, cando se decatou por primeira vez da presenza do meu avión (non vos pintarei o meu avión porque sería un debuxo demasiado complicado para min), preguntoume:

-¿Que cousa é esa?

-Isto non é unha cousa. Voa. É un avión, o meu avión.

Sentíame orgulloso de dicirlle que eu voaba. Entón exclamou:

-¿Como? ¿Caeches do ceo?

-Si -respondinlle modestamente.

- ¡Que gracia!

E o principiño soltou unha gargallada que me molestou moito. Gústame que as miñas desgracias se tomen en serio. Despois, engadiu:

-Logo ti tamén vés do ceo. ¿De que planeta es?

De repente, un cachiño de luz iluminoume o misterio da súa presenza, e pregunteille bruscamente:

-¿Logo ti vés doutro planeta?



Pero non me respondeu. Meneaba a cabeza con dozura, ollando detidamente o meu avión.



-Claro que andando enriba diso non podes vir de moi lonxe...

E fundiuse nun soño que durou moito tempo. Despois, sacando o meu año do seu peto, abismouse na contemplación do seu tesouro.

Xa podedes imaxinar canto me puido intrigar esta semiconfidencia sobre «os outros planetas». Esforceime por saber algo máis:

-¿De onde vés, meu rapaciño? ¿Onde está esa terra túa de que falas? ¿Para onde queres leva-lo meu año?



Despois de meditar un intre en silencio, respondeume:

-O mellor da caixa que me deches é que, pola noite, lle servirá de casa.

-Seguro. E se es bo, dareiche tamén unha corda e unha estaquiña para que o teñas atado polo día.

A miña proposta chocoulle ó principião.

-¿Atalo? ¡Que idea máis rara!

-É que se non o atas, irase e poderase perder.

O meu amigo riu de novo a gargalladas.

-Pero, ¿a onde queres que vaia?

-Non sei. Pode tirar todo dereito para adiante...

Entón o principião advertiume con gravidade:

-Non importa. ¡Na miña terra é todo tan pequerrechiño...!

E con certa melancolía, quizais, engadiu:

-Camiñando todo dereito para adiante non pode ir moi lonxe...

## IV

Deste xeito, souben unha segunda cousa moi importante. ¡O seu planeta de orixe era pouco máis grande ca unha casa!

Isto non me podía sorprender moito. Sabía moi ben que á parte dos grandes planetas como a Terra, Xúpiter, Marte, Venus, ós que se lles puxo nome, hai centos doutros que, ás veces, son tan pequenos que non se poden distinguir nin coa axuda do telescopio. Cando un astrónomo descobre un destes planetas, ponlle un número por nome. Chámalle por exemplo: «O asteroide 325».


Teño razóns ben serias para crer que o planeta de onde viña o principiño é o asteroide B 612. Este asteroide non foi visto máis que unha vez, coa axuda do telescopio, por un astrónomo turco, no ano 1909.




O dito astrónomo fixera entón unha gran demostración do seu descubrimento nun Congreso Internacional de Astronomía. Pero ninguén lle creu por culpa do seu vestido. As persoas maiores son así.

Felizmente para o asteroide B 612, un dictador turco impuxo ó seu pobo,

baixo pena de morte, a obrigación de se vestir á europea. O astrónomo informou de novo sobre o seu descubrimento, no ano 1920. Ía vestido dun xeito moi elegante e todo o mundo aceptou a súa demostración.



Se vos conto estes detalles sobre o asteroide B 612, e se vos digo o seu número, é por causa das persoas maiores. Ás persoas maiores gústanlle-las cifras. Cando lles falades dun novo amigo, nunca vos preguntan nada esencial del. Non vos din: «¿Como é a súa voz? ¿Que xogos lle gustan máis? ¿Colecciona bolboretas?». Non, as persoas maiores preguntan: «¿Cal é a súa idade? ¿Cantos irmáns ten? ¿Canto pesa? ¿Canto gaña o seu pai?». Pensan que soamente así o poden coñecer. Se lles dicides: «Vin unha fermosa casa chea de ladrillos cor de rosa, con xeranios nas fiestras e con pombas no tellado...», non chegan a imaxinar como é esa casa. Hailles que dicir: «Vin unha casa que vale cen mil pesos». Entón exclaman: «Ah, ¡que fermosa é!».



Así, se lles dicides: «A proba de que o principiño existiu, é que se trataba dun ser engaiolante, que ría e que quería un año; e o feito de querer un año, é unha proba de que existe», encollerán o lombo e dirán que sodes uns nenos. Pero se lles dicides: «O planeta de onde viña é o asteroide B 612», entón quedarán convencidos e deixaranvos en paz coas súas preguntas. Son así. Non se lles pode ter isto en conta. Os nenos teñen que ser moi indulxentes coas persoas maiores.

Pero nós, que comprendémo-la vida, burlámonos dos números. A min gustaríame comezar esta historia á maneira dos contos de fadas. Gustaríame dicir: «Era unha vez un principiño que vivía nun planeta pouco máis grande ca el, e que tiña necesidade dun amigo...». Para os que comprenden a vida, isto tería máis aire de verdade.

Non me gusta que o meu libro sexa lido con lixeireza. Sinto unha pena fonda ó contar estas lembranzas. Hai xa seis anos que o meu amigo marchou co seu año. Se intento describilo aquí é só coa intención de non me esquecer

del, porque é triste esquecerse dun amigo. Non todo o mundo gozou da sorte de ter un amigo. E eu podo chegar a ser como as persoas maiores, que soamente senten interese polas cifras. Por iso merquei unha caixa de lápices de cores. É moi duro poñerse de novo a debuxar á miña idade, cando soamente tiña intentado pintar, á idade de seis anos, unha «boa» aberta ou unha «boa» pechada. Tratarei de facer uns retratos o máis parecidos que poida, pero non estou seguro de conseguilo. Un debuxo parecerase, e outro non se parecerá nada. Trabucareime tamén un pouco ó reproducir-lo tamaño. Unhas veces o principiño ha ser demasiado grande e outras, demasiado pequeno. Tamén hei ter dúbidas sobre a cor do seu vestido. Andarei como ás atoutiñadas sobre isto e aquilo. En fin, heime trabucar nalgúns detalles importantes. Pero teredes que me perdoar. O meu amigo non me daba nunca explicacións. Quizais pensaba que eu era semellante a el. E eu, por desgracia, non son capaz de ve-los años a través das caixas. Tal vez eu sexa un pouco como as persoas maiores. Ó mellor envellecín xa.



## V

Cada día, moi lentamente e como ó chou dalgunhas reflexións, ía aprendendo novas cousas sobre o planeta, a partida e a viaxe do principiño. Así foi como ó terceiro día coñecín o drama dos baobabs.

Isto sucedeu gracias ó año. O principiño, preocupado por unha grave dúbida, preguntoume:

-Os años comen os arbustos ¿non é?

-Si. É certo.

-¡Ah! ¡Estou contento!


Non comprendín por que lle parecía tan importante que os años comesen os arbustos. Pero o principiño engadiu:

-Entón tamén comerán os baobabs, claro.

Díxenlle ó principiño que os baobabs non son arbustos, senón árbores tan grandes como igrexas e que aínda que levase consigo unha manada de elefantes, non serían capaces de acabar cun só baobab.

A idea dunha manada de elefantes fixo rir ó principiño.

-Habería que os poñer uns por riba dos outros...



E logo observou intelixentemente:

-Os baobabs antes de se faceren grandes, son moi pequeniños.

-É certo. Pero ¿por que queres que os teus años coman os baobabs pequenos?

Respondeume: «Claro», como se se tratase de algo evidente. Pero a min custoume moito traballo chegar a comprender este problema.

En efecto, no planeta do principiño había, como en tódolos planetas, herbas boas e herbas malas, como resultado de grans bos de herbas boas e de grans

malos de herbas malas. Pero os grans son invisibles. Dormen no segredo da terra ata que un deles ten a fantástica idea de despertar. Entón despreguízase e alonga primeiro timidamente cara ó sol unha engaiolante ponliña inofensiva. Se se trata dunha ponla de rábano ou de roseira pódese deixar medrar como ela queira. Pero se se trata dunha planta mala, haina que arrincar axiña, en canto se recoñeza. No planeta do principiño había grans terribles... Eran os grans dos baobabs. O chan do planeta estaba infectado deles. Se aparece un baobab, e non se acode a tempo e non se corta de seguida, despois xa non se pode un desfacer del. Cobre o planeta enteiro e fúrao coas súas raíces. E se o planeta é pequeniño e os baobabs son moitos, féndeno ó medio.

«Esta é unha cuestión de disciplina -dicíame máis tarde o principiño-. Cando pola mañá acaba un o seu aseo cómpre facer tamén con moito coidado a limpeza do planeta. Hai que se dedicar a arrinca-los baobabs tan pronto como se distinguen das roseiras, ás que se semellan moito cando son noviños. É un traballo moi aburrido, pero moi fácil».



Un día aconselloume que fixese un debuxo ben clariño para meterlles isto na cabeza ós rapaces da miña terra. «Se algunha vez fan unha viaxe -dicíame-, pódelles servir de algo. Ás veces non hai inconveniente en retrasar calquera traballo, pero se se fai isto tratándose de baobabs, ocorre sempre unha catástrofe. Eu coñecín un planeta habitado por un preguiceiro que deixou medrar tres arbustos...».

Coas indicacións que me fixo o principiño, debuxei aquel planeta. Non me gusta falar como se fora un moralista, pero o perigo dos baobabs é tan pouco coñecido e os riscos que pode correr quen se perda nun asteroide son tan considerables que, por unha vez, farei unha excepción para berrar: «¡Nenos, atención ós baobabs!». Soamente por advertir ós meus amigos dun perigo que os ronda dende hai tempo sen sabéreno, como me pasaba a min, púxenme a traballar neste debuxo. A lección que poida dar con el, penso que valía a pena, quizais moitos de vós preguntaredes: ¿Por que non hai neste libro outros debuxos tan grandiosos como o debuxo dos baobabs? A resposta é ben simple:

Intentei facelos, pero non o conseguín. Cando debuxei os baobabs estaba animado por un sentimento de urxencia.

## VI

¡Ah, meu principiño, así fun comprendendo eu, pouquiño a pouco, a túa vidiña melancólica! Durante moito tempo non tiveches outra distracción que a dozura que sentías ó contempla-lo solpor. Aprendín este novo detalle cando na mañá do cuarto día me dixeches:

-Gústame moito o solpor. Imos ver un solpor...

-Pero hai que agardar.

-¿Agarda-lo que?

-Agardar que o sol se poña.

Ó principio sorprendíche moito, despois riches de ti mesmo e dixeches:

-Sempre penso que estou no meu planeta.



En efecto. Todo o mundo sabe que cando é mediodía nos Estados Unidosponse o sol en Francia. Abondaría con visitar Francia durante un minuto para asistir ó solpor, pero desgraciadamente Francia queda demasiado lonxe. En troques, no teu pequeno planeta abondaba con arrastra- la túa silla algúns

pasos e contemplába-lo crepúsculo cada vez que o desexabas...

E logo engadíás:

-¡Un día vin pórse o sol corenta e catro veces! ¿Sabes? Cando un está moi triste gusta ve-lo solpor.

-Entón, o día das corenta e catro veces estarías moi triste, ¿verdade?

Pero o principiño non me respondeu.





## VII

O quinto día, e sempre gracias ó año, enteireime destoutro segredo da vida do principiño. Bruscamente e sen preámbulos, como se fose o froito dun problema longamente meditado en silencio, preguntoume:

-Un año, se come os arbustos, comerá tamén as flores ¿non é?

-Un año come todo canto encontra.

-¿Tamén as flores que teñen espiñas?

-Si. Tamén as flores que teñen espiñas.

-Entón, ¿para que serven as espiñas?

Eu non o sabía. Atopábame moi ocupado tratando de destornillar un perno do meu motor que estaba demasiado apretado. Sentíame inqueda porque a miña avaría empezábame a parecer moi grave e xa temía que me ocorrese o peor, porque a auga que tiña para beber íase esgotando pouco a pouco.

-¿Para que serven as espiñas?

Unha vez que facía unha pregunta, o principiño non renunciaba nunca á súa resposta. Eu estaba irritado por culpa do perno e respondílle o primeiro que me veu á cabeza:

-As espiñas non serven para nada. As flores téñenas por pura maldade.

-¡Oh!

E despois dun intre de silencio, espetoume cunha especie de xenreira:

-¡Non che creo! As flores son débiles e inxenuas, e tratan de tranquilizarse como poden. Crese terribles coas súas espiñas...

Non lle respondín. Naquel instante eu estaba a pensar: «Se este perno segue resistindo, vouno facer saltar dun martelazo». Pero o principiño interrompeu novamente as miñas reflexións:

-E ti coidas que as flores...

-¡Non, non, eu non creo nada! ¡Respondinche o primeiro que me veu á

cabeza! ¡Estou ocupado en cousas serias!

Miroume pampo:

-¡Cousas serias!

Estábame vendo co meu martelo na man, os dedos negros de graxa, inclinado sobre un obxecto que lle parecía moi feo.

-¡Falas igual que as persoas maiores!

Sentín vergonza, e el, despiadado, engadiu:

-¡Ti confúndelo todo, misturas todo!

Estaba verdadeiramente irritado. Sacudía a cabeza, e o vento axitaba os seus cabelos dourados.

-Coñezo un planeta onde vive un señor moi colorado. Nunca cheirou o recendo dunha flor, nunca mirou a unha estrela e xamais quixo a ninguén. Na súa vida fixo outra cousa que non fosen sumas. E pasa o día repetindo coma ti: «¡Eu son un home serio, eu son un home serio...!» Parece que isto infla o seu orgullo. Pero iso non é un home, iso é un cogordo.

-¿Un que?

-¡Un cogordo!

O principiño estaba pálido de cólera.



-Hai millóns de anos que as flores fabrican espiñas. Hai tamén millóns de anos que os anos, a pesar disto, comen as flores. ¿E pareceche pouco serio tratar de comprender por que as flores levan o traballo de fabricar unhas espiñas que non lles serven para nada? ¿É que non che parece importante entón a guerra dos anos e das flores? ¿Non é isto moito máis serio e importante que as sumas dun señor groso e vermello? E se eu che digo que coñezo unha flor única no mundo, que non a hai en ningún outro sitio máis que no meu planeta e que calquera mañá pode ser aniquilada para sempre por un año que nin sabería sequera o que facía, ¿tampouco che parece importante?

O principiño púxose vermello e seguiu dicindo:

-Se alguén ama a unha flor da que soamente existe un único exemplar en millóns de estrelas, abonda con isto para se sentir ditoso ó contemplalas. Pode decir: «A miña flor está alá, nalgunha parte...» Pero se o año come a flor, para el é como se de repente se apagasen tódalas estrelas. ¿É que isto non é importante?

Non puido falar máis e estralou en saloucos. A noite caera xa. Eu deixara as ferramentas e importábanme pouco o meu martelo, o perno, a sede e a morte. Sobre unha estrela, sobre un planeta, o meu, a Terra, había un principiño a quen consolar. Collino nos meus brazos e arroleino dicíndolle: «A flor que ti amas non corre perigo... Heiche debuxar un bozo para o teu año e unha armadura para a túa flor e...» Non sabía que outra cousa lle podía dicir, sentíame desmañado e tampouco sabía como consolalo ou como atopar algo que lle devolvese a confianza en min. ¡É tan misterioso o país das bágoas!

## VIII

Aprendín ben pronto a coñecer a esta flor. No planeta do principiño sempre houbera flores moi simples, adornadas cunha soa fila de pétalos, que a penas ocupaban sitio e que non molestaban a ninguén. Aparecían unha mañá entre a herba e apagábanse xa á tardiña. Pero aquela xermolara un día, dun gran chegado quen sabe de onde, e o principiño vixiaba atentamente a esta ponliña que non se asemellaba ás demais. Podíase tratar dun novo tipo de baobab. Pero o arbusto deixou de medrar axiña e comezou a botar unha flor. O principiño asistiu ó nacemento dun enorme capullo e pensou que de alí ía saír algo milagroso, pero a flor pechada no seu cuarto verde, non acababa de se engalantar. Elixía con coidado as súas cores, vestíase lentamente e axustaba un a un os seus pétalos. Non quería saír xa murcha como as papoulas, senón aparecer con todo o esplendor da súa fermosura. Era moi coqueta. Levaba xa moitos días poñéndose fermosa, ata que unha mañá, xusto á hora de se ergue-lo sol, apareceu.

E ela que traballara con tanto detalle, dixo boquexando:

- ¡Ah! Acabo de espertar... Perdoádeme... ¡Estou toda despeinada...!

O principiño non puido conte-la súa admiración:

-¡Que fermosa es!

-¿Verdade que si? -respondeu docemente a flor-. E nacín canda o sol...

O principiño pensou que non era demasiado modesta, pero ¡era tan conmovedora!

-Paréceme que é a hora do almorzo -dixo de seguida-. Se tiveses a bondade de pensar en min...



E o principiño, todo confuso, foi procurar unha regadeira de auga fresca e serviu á flor.

Pero ela axiña o empezou a atormentar coa súa vaidade un pouco sospeitosa. Un día, por exemplo, falando das súas catro espiñas, díxolle ó principiño:

-¡Xa poden vi-los tigres coas súas poutas!

-Non hai tigres no meu planeta -fíxolle sabe-lo principiño-; e ademais os tigres non comen herba.

-Eu non son unha herba... -respondeu a flor con dozura.

-¡Perdóame!

-Eu non lles teño medo ós tigres, pero sinto terror ante as correntes de aire. ¿Non terás un biombo?



«¡Uf! -pensou o principiño-. Non é ningunha sorte para unha planta o sentir medo das correntes de aire... ¡Esta flor é ben complicada...»

-Pola noite terás que me cubrir cun fanal. Fai moito frío no teu planeta. Está mal emprazado. Alá, de onde veño eu...

A flor calou de pronto. Ela viñera en forma de gran. Era imposible que coñecese outros mundos. Humillada por se deixar sorprenden inventando unha




mentira tan inxenua, tusiú dúas ou tres veces, para distrae-la atención do principiño.

-¿E o biombo?

-Íao buscar, pero como me estabas falando...

Entón ela forzou a tose para lle facer sentir remordementos.



Deste xeito, o principiño, pese á boa vontade do seu amor, axiña empezou a dudar dela. Tomara en serio palabras que non tiñan importancia e sentíase desgraciado. Un día confesoume: «Non a debía escoitar. Nunca se debe escoitar ás flores. Abonda con miralas e con respira-lo seu recendo. A miña flor embalsamaba co seu perfume o meu planeta, pero isto non conseguía aledarme. A historia das poutas, que tanto me irritara, penso que me debería entenrecer...»



Despois engadiu: «¡Daquela non souben comprender nada. Debín xulgala polos seus actos e non polas súas palabras. Ela embalsamaba e iluminaba a miña vida e eu nunca debín fuxir de alí. Non souben adiviña-la tenrura que se escondía tralas súas pobres solercias. ¡As flores son tan contraditorias! E eu era demasiado noviño para sabela amar».



## IX

Penso que, para se ir, o principiño aproveitou unha emigración de paxaros salvaxes. Aquela mañá puxo o seu planeta en orde. Limpou con coidado o charrizo dos dous volcáns que tiña en actividade e que lle servían para quentalo almorzo polas mañás. Tiña tamén un volcán apagado que limpou así mesmo, pois, como el dicía, nunca se sabe o que pode pasar. Se se lles quita o charrizo, os volcáns arden sen erupcións, lentamente e con regularidade. As erupcións volcánicas son como o lume das chemineas. Vese ben que na Terra somos demasiado pequenos para limpa-los nosos volcáns. Por iso nos dan tantos disgustos.

O principiño arrincou tamén, con melalancolía, os derradeiros xermolos de baobab. Pensaba que non ía voltar xamais e todos aqueles traballos familiares parecíanlle aquela mañá extremadamente doces. Cando regou a flor, e se preparou para colocala ó abrigo do fanal, sentiu ganas de chorar.



-Adeus -díxolle á flor.

Ela non lle respondeu.

-Adeus -repetiulle.

A flor tusion, pero non porque estivese acatarrada.

-Fun unha parva -díxolle ó fin-. Trata de ser feliz.

Sorprendeuse de que non lle zafrañase e quedou desconcertado, co fanal no aire. Non comprendía esta tranquila dozura.

-Si, quérate -díxolle a flor-. Se non te decataches foi por culpa miña, pero iso non ten importancia. Ti fuches máis parvo ca min. Trata de ser feliz... Solta dunha vez ese fanal. Xa non o quero.

-Pero o vento...

-Non estou tan acatarrada... O aire fresco da noiteña farame ben. Son unha flor.

-¿E os animais?

-Terei que soportar dúas ou tres eirugas, se quero coñece-las bolboretas. Coido que son moi fermosas. Se non ¿quen vai vir a me facer visitas? Ti estarás lonxe. En canto ós animais grandes, non sinto medo. Teño as miñas poutas.

E amosaba inxenuamente as súas catro espiñas. Despois engadiu:

-Xa que tes decidido marchar, marcha xa. Non alongues máis a incomodidade da despedida.

Non quería que a vise chorar. Era tan orgullosa...

## X

Atopábase na rexión dos asteroides 325, 326, 327, 328, 329 e 330. Por buscar unha ocupación e para se instruír, decidiu visitalos todos.

O primeiro estaba habitado por un rei. O rei, vestido de púrpura e de armiño, estaba sentado nun trono moi simple, pero maxestuoso.

-¡Ah! -exclamou o rei ó divisa-lo principião-. Aquí temos un súbdito.

E o principião preguntouse:

-¿Como me pode recoñecer se non me viu endexamais?

Non sabía que para os reis o mundo está moi simplificado. Tódolos homes son súbditos.

-Achégate para que te poida ver mellor -díxolle o rei, que estaba todo contento de ser, ó fin, rei para alguén.

O principião mirou arredor, buscando onde se sentar, pero o planeta estaba enteiramente ocupado polo magnífico manto de armiño. Entón quedou de pé, pero como estaba canso, boquexou.

-Boquexar diante dun rei vai en contra da etiqueta. Prohíboche que o fagas.

-Non podo evitalo -respondeu o principião moi confuso-. Fixen unha longa viaxe e non durmín...

-Entón -dixo o rei-, ordénoche que boquexes. Hai anos que non vexo boquexar a ninguén. Os boquexos son moi curiosos para min. ¡Veña, boquexa outra vez! É unha orde.

-Dáme vergonza... Non podo... -dixo o principião pódose vermello.

-¡Hum! ¡Hum! -respondeu o rei. Ordénoche que boquexes e que non...

Farfullaba un pouco e parecía fastidiado.

Porque o rei daba moita importancia a que a súa autoridade fose respetada. Non toleraba a desobediencia. Era un monarca absoluto. Pero como era bo, daba

ordes razoables.



«Se lle ordenase -dicía con frecuencia-, se lle ordenase a un xeneral que se convertese en paxaro de mar e non me obedecese, non sería por culpa del. Sería por culpa miña.»



-¿Pódome sentar? -preguntou o principião con moita timidez.

- Ordénoche que te sentes -respondeulle o rei, recollendo maxestuosamente un faldón do seu manto de armiño.

Pero o principião estaba sorprendido. O planeta era minúsculo. ¿Sobre quen podería reinar aquel rei alí?

-Señor... -dixo-, pídivos perdón por me atrever a preguntar...

-Ordénoche que me preguntes -dixo o rei de presa.

-Señor... ¿sobre que reinades vós?

-Sobre todo -respondeu o rei cunha gran simplicidade.

-¿Sobre todo?

Cun xesto, o rei sinalou o seu planeta, os outros planetas e as estrelas.

-¿Sobre todo iso? -dixo o principião.

-Sobre todo iso... -respondeu o rei.

Porque non era só un monarca absoluto, senón que era un monarca universal.

-¿E obedécenvo-las estrelas?

-¡Claro! -dixo o rei-. Obedecen axiña. Eu non tolero a indisciplina.

Semellante poder maravillou ó principião. Se o tivese el, podería asistir non a corenta e catro, senón a setenta e dous, ou cen ou a douscentos solpores no mesmo día, sen necesidade de andar arrastrando o seu asento. Como se sentía un pouco triste ó se lembrar do seu pequeno planeta abandonado, atreveuse a pedirlle unha gracia ó rei:

-Gustaríame ver unha posta de sol... Dádeme ese gusto... Dicídelle ó sol que se poña.

-Se eu lle ordenase a un xeneral que voase de flor en flor como unha bolboreta, ou que escribise unha traxedia, ou que se convertese nun paxaro do mar, e o xeneral non executase a orde ¿de quen sería a culpa, miña ou del?

-A culpa sería vosa -dixo o principião con firmeza.

-Xusto. Soamente se lle pode pedir a un o que un pode dar -continuou o rei-

. A autoridade descansa, sobre todo, na razón. Se lle ordenas ó teu pobo que se tire ó mar, fará a revolución. Eu teño dereito a esixir obediencia porque as miñas ordes son razoables.

-¿Entón a miña posta de sol...? -recordou o principião, que non esquecía nunca calquera cousa que tivese preguntado.

-Tera-la túa posta de sol. Esixireina. Pero seguindo a miña ciencia de goberno, quero agardar a que as condicións sexan favorables.

-¿Cando será iso? -preguntou o principião.

-¡Hem! ¡Hem! -respondeulle o rei, despois de consultar un calendario-, ¡hem!, ¡hem!, será... cara ás sete corenta. E verás como se me obedece.

O principião boquexou. Lamentaba o seu solpor frustado, e ademais estábase aburrindo un pouco.

-Non teño nada que facer aquí- díxolle ó rei. Vou marchar.

-Non te vaias -dixo o rei, que estaba moi contento de ter un súbdito-. Non te vaias e fágote ministro.

-¿Ministro de que?

-De... ¡de xusticia!

-¡Pero se non hai ninguén a quen xulgar...!

-Iso non se sabe -díxolle o rei-. Nunca percorrín o meu reino. Son moi vello e cánsame o camiñar, pero non teño sitio para unha carroza.

- ¡Oh! Eu xa vin -dixo o principião, que se inclinou para botar unha ollada á outra banda do planeta-. Alá embaixo non hai ninguén tampouco...

-Entón xulgaraste ti a ti mesmo -respondeulle o rei-. É o máis difícil. É ben máis difícil xulgarse un a si mesmo que xulgar ós demais. Se consigues xulgarte ben, é que es un verdadeiro sabio.

-Eu podo xulgar-me a min mesmo en calquera parte -dixo o principião-. Non teño necesidade de vivir aquí.

-¡Hem! ¡Hem! -dixo o rei-. Estou seguro de que no meu planeta hai unha rata vella. Escóitola polas noites. Podes xulgar a esta rata. Condénala a morte de cando en cando. Así a súa vida dependerá da túa xusticia. Cada vez que a

condenes, terás que lle concede-lo indulto, pois temos que economizala. Non hai máis que unha.

-A min non me gusta condenar a morte a ninguén -respondeu o principião-. Vou marchar.

-Non -dixo o rei.

Pero o principião, que tiña todo disposto e non quería disgustar ó monarca, dixo:

-Se a Vosa Maxestade desexa ser obedecido sen chistar, poderíame dar unha orde razoable. Poderíame ordenar, por exemplo, que marche antes de que pase un minuto. Paréceme que as condicións son favorables...

Como o rei non respondeu nada, o principião, despois de atariñar un pouco, suspirou e púxose en marcha.

-¡Fágote o meu embaixador! -apresurouse a berra-lo rei.

«As persoas maiores son moi raras», dicía para si o principião durante a viaxe.

## XI

O segundo planeta estaba habitado por un vaidoso.

- ¡Ah! ¡Ah!, vénme visitar un admirador -berrou dende lonxe o vaidoso cando viu ó principião.

Porque para os vaidosos tódolos demais homes son admiradores.

-¡Bos días! -dixo o principião-. ¡Que sombreiro máis chusco ten vostede!

-É para saudar -respondeulle o vaidoso-. É para saudar cando me aclaman. Por desgracia nunca pasa ninguén por aquí.

-¿Ah, si? -dixo o principião, que non comprendeu.

-Bate as túas mans unha contra a outra -aconselloulle o vaidoso.

O principião bateu as súas mans e o vaidoso saudou modestamente, quitando o seu sombreiro.



-Isto é máis divertido que a visita que lle fixen ó principiño.

Volveu bate-las mans unha contra a outra, e o vaidoso púxose a saudar outra vez quitando o sombreiro.

Despois de cinco minutos de exercicio, o principiño cansou da monotonía

do xogo.

-¿Que hai que facer para que caia o sombreiro? -preguntou o principiño.

Pero o vaidoso non o oíu. Os vaidosos non oen máis que as louvanzas.

-Ti admírasme moito, ¿verdade?

-¿Que significa admirar?

-Admirar significa recoñecer que eu son o home máis fermoso, o máis elegante, o máis rico e o máis intelixente do planeta.

-Pero ti estás só neste planeta.

-¡Cúmpreme ese gusto! ¡Admírame, a pesar de todo!

-Ben, admírote -dixo o principiño encollendo o lombo-, pero ¿para que che pode servir iso?

E o principiño marchou.

«¡Dende logo -ía dicindo para si durante a viaxe-, as persoas maiores son ben raras!»

## XII

O planeta seguinte estaba habitado por un bebedor. Esta visita foi moi curta, pero sumiu ó principiño nunha gran melancolía.



-¿Que fas aí? -preguntoulle ó bebedor, que estaba sentado en silencio diante dunha colección de botellas baleiras e outra colección de botellas cheas.

-¡Bebo! -respondeu o bebedor con ton lúgubre.

-¿Por que bebes? -preguntou o principião.

-Para esquecer.

-¿Para esquecer que? -inquiriu o principião, xa compadecido.

-Para esquecer que sinto vergonza -confesou o bebedor baixando a cabeza.

-¿Vergonza de que? -preguntou o principião, que quería socorrelo.

-¡Vergonza de beber! -dixo o bebedor, que se pechou definitivamente no silencio.

E o principião marchou todo perplexo.

«Decididamente -ía dicindo para si durante a viaxe- as persoas maiores son moi raras».



## XIII

No cuarto planeta vivía un home de negocios.

Estaba tan ocupado que nin sequera levantou a cabeza cando chegou o principião.



-Bos días -dixo ó chegar-. O seu cigarro está apagado.

-Tres e dous fan cinco. Cinco e sete, doce, e tres, quince. Bos días. Quince e sete, vintedous. Vintedous e seis, vinteoito. Non teño tempo para acendelo. Vinteseis e cinco, trinta e un. ¡Uf! Isto suma cincocentos un millóns seiscientos vintedous mil setecentos trinta e un.

-¿Cincocentos un millóns de que?

-¿Eh? ¿Aínda está aí? Cincocentos un millóns de... Xa non sei... ¡Teño tanto traballo! ¡Eu son un home serio e non me divirto con parvadas! Dous e cinco, sete...

-¿Cincocentos un millóns de que? -repetiu o principiño, que nunca na súa vida renunciara a que lle deran unha resposta a calquera pregunta que fixera.

O home de negocios ergueu a cabeza.

-Hai cincoentos catro anos que vivo aquí e soamente me molestaron en tres ocasións. A primeira vez foi hai vintedous anos, por culpa dun abellón que caera Deus sabe de onde. Fixo un ruído espantoso e metín catro erros nunha suma. A segunda vez foi hai once anos e tivo a culpa o reuma. Eu non fago exercicio. Non teño tempo de andar ruando. Son un home serio. E a terceira vez... ¡a terceira vez é esta! Decía que eran cincocentos un millóns...

-¿Millóns de que?

O home de negocios comprendeu que non había esperanza de que o deixase en paz.

-Millóns desas cousiñas que ás veces se ven no ceo.

-¿Moscas?

-Non, cousiñas que brillan.

-¿Abellas?

-Non. Unhas cousiñas douradas que fan soñar ós folgazáns. ¡Eu son un home serio e non teño tempo para soñar!

-¡Ah! ¿Estrelas?

-Iso é. Estrelas.

-¿E que fas ti con cincocentos un millóns de estrelas?

-Cincocentos un millóns seiscentos vintedous mil setecentos trinta e un. ¡Eu son un home serio e exacto!

-¿E que fas ti con esas estrelas?

-¿Que que fago?

-Si.

-Nada. Téñoas.

-¿Que ti es dono desas estrelas?

-Si.

-Pois eu vin a un rei que...

-Os reis non teñen nada. Eles «reinan» sobre algo, que é moi diferente.

-¿E para que che serve te-las estrelas?

-Sérveme para ser rico.

-¿E para que che serve ser rico?

-Para mercar outras estrelas, se é que se descobre algunha.

«Este -dixo para si o principião- razoa un pouco como o meu borracho».

Nembargantes, seguiu preguntando:

-¿Como se poden te-las estrelas?

-¿E logo de quen son? -retrucou, enfadado, o home de negocios.

-Non sei. De ninguén.

-Entón son miñas, pois fun o primeiro en pensar esa idea.

-¿E abonda con iso?

-Claro que si. Se atopas un diamante que non é de ninguén, é teu. Se atopas unha illa que non é de ninguén, é para ti. Se tes unha idea que ninguén tivo antes ca ti, pódela patentar e é túa. Eu teño as estrelas porque nunca ninguén antes ca min pensou en telas.

-Iso é certo -dixo o principião-. ¿E que fas con elas?

-Adminístroas. Cóntoas e volvo contalas unha e outra vez -contestou o home de negocios-. ¡É difícil, pero eu son un home serio!

O principião aínda non estaba satisfeito.

-Se eu teño un pano de seda, podo levalo arredor do pescozo. Se teño unha flor, podo collela e levala. ¡Pero ti non podes colle-las estrelas!

-Non, pero podo metelas nun banco.

-¿Que quere dicir iso?

-Quero dicir que escribo nun papel o número de estrelas que teño e logo péchoo con chave nun caixón.

-¿E iso é todo?

-Abonda.

«É divertido -pensou o principiño-. E é bastante poético, pero non é serio».

O principiño tiña, sobre as cousas serias, ideas moi diferentes das que teñen as persoas maiores.

-Eu -dixo- teño unha flor que rego tódolos días. Teño tres volcáns que limpo de charrizo tódalas semanas, pois limpo tamén o que está apagado. Nunca se sabe o que pode ocorrer. É bo para os meus volcáns e para a miña flor que eu sexa o seu dono. Pero ti non es útil para as estrelas...

O home de negocios abriu a boca, pero non atopou palabras para responder, e o principiño foise de alí.

«Decididamente - ía dicindo para si durante a viaxe- as persoas maiores son extraordinarias».

## XIV

O quinto planeta era moi curioso. Era o máis pequeniño de todos. A penas había sitio para un farol e un faroleiro. O principião non chegaba a comprender para que podían servir alí, nalgún lugar do ceo, e nun planeta sen casas e sen xente, un farol e un faroleiro. Non obstante dixo para si:

-Este home pode que sexa absurdo. Nembargantes é menos absurdo que o rei, que o vaidoso, que o home de negocios e que o bebedor. Polo menos o seu traballo ten un senso. Cando acende o seu farol é como se fixese nacer unha estrela máis ou unha flor. Cando o apaga fai durmir a estrela e a flor. É unha ocupación bonita. E por ser bonita é verdadeiramente útil.

Cando chegou ó planeta saudou respectuosamente ó faroleiro:

-Bos días. ¿Por que apága-lo teu farol?

-É a consigna -respondeu o faroleiro-. ¡Bos días!

-¿Que é a consigna?

-Apaga-lo meu farol. ¡Boas noites!

E acendeu o farol.

-¿E por que o acendes?

-É a consigna.

-Non o entendo -dixo o principião.

-Non hai nada que entender -dixo o faroleiro-. A consigna é a consigna. ¡Bos días!

E apagou o seu farol.

Despois enxugou a fronte cun pano de cadros vermellos.

-O meu oficio é terrible. Antes aínda era razoable. Apagaba pola mañá e acendía pola noite. Así tiña o resto do día para descansar, e o resto da noite para durmir...

-¿E dende entón cambiaron a consigna?

-Non cambiaron a consigna -dixo o faroleiro-. Iso é o malo, que o planeta foi xirando máis de presa de ano en ano e a consigna non cambiou.

-¿E entón? -dixo o principião.

-Pois agora que dá unha volta por minuto non teño un segundo de descanso. ¡Acendo e apago unha vez por minuto!

-¡Ten gracia! Na túa terra os días só duran un minuto.

-Pois non ten tanta gracia -dixo o faroleiro-. Xa hai un mes que ti e mais eu estamos falando.

-¿Un mes?

-Si. Trinta minutos. ¡Trinta días! Boas noites.

E volveu acende-lo seu farol.

O principião mirouno e sentiu cariño por este faroleiro tan fiel á consigna. Lembrouse dos solpores que noutro tempo el ía buscar arrastrando a súa silla. Quixo axudar ó seu amigo:

-¿Sabes? Eu sei de que xeito podes descansar cando queiras...

-Eu quero descansar sempre -dixo o faroleiro.

Porque se pode ser a un tempo fiel e preguiceiro.

O principião proseguiu:

-O teu planeta é tan pequeniño que lle podes da-la volta en tres alancadas. Non tes máis que camiñar moi paseniño para estar sempre ó sol. Cando queiras descansar, camiñas, e así o día durará o tempo que ti queiras.

-Con iso pouco adianto -dixo o faroleiro-. O que a min máis me gusta na vida é durmir.

-Iso non é unha sorte -dixo o principião.

-Non é unha sorte, non -dixo o faroleiro-. ¡Bos días!

E apagou o seu farol.



«Este - ía dicindo para si o principiño mentres seguía máis lonxe a súa viaxe-, este sería despreciado por tódolos demais, polo rei, polo vaidoso, polo bebedor, polo home de negocios. Nembargantes, el é o único que non me parece ridículo. Quizais porque se preocupa doutra cousa que de si mesmo».

Suspirou con sentimento e seguiu dicindo para si: «É o único que podería se-lo meu amigo. Pero o seu planeta é demasiado pequeniño. Non hai sitio para os dous...».

O que o principiño non se ousaba confesar era que el añoraba este bendito planeta por causa, sobre todo, dos mil catrocentos corenta solpores que podía contemplar cada día.



## XV

O sexto planeta era un planeta dez veces máis grande. Estaba habitado por un vello que escribía nuns libros moi grandes.



-¡Anda, olla un explorador! -dixo ó albiscar ó principiño.

O principiño sentou na mesa e respirou fondo. ¡Levaba tanto tempo viaxando!

-¿De onde vés ti? -díxolle o vello.

-¿Que libro é ese tan grande? -preguntou o principião-. ¿Que fai vostede aquí?

-Eu son xeógrafo -respondeu o vello.

-¿E que é un xeógrafo?

-É un sabio que sabe onde se atopan os mares, os ríos, as cidades, as montañas e os desertos.

-Iso é moi interesante -dixo o principião-. ¡Por fin, un verdadeiro oficio!

E botou unha ollada ó planeta do xeógrafo. Nunca vira aínda un planeta tan maxestuoso.

-É moi fermoso o voso planeta. ¿Hai océanos aquí?

-Non o podo saber -dixo o xeógrafo.

-¡Ah! (o principião sentiuse decepcionado.) ¿E montañas?

-Non o podo saber -repetiu o xeógrafo.

-¿E cidades e ríos e desertos?

-Tampouco o podo saber.

-¡Pero vostede é xeógrafo!

-Si, claro -dixo o xeógrafo-, pero non son explorador. E non teño exploradores. E o xeógrafo non vai andar contando as cidades, os ríos, as montañas, os mares, os océanos e os desertos. O xeógrafo é demasiado importante para andar dun sitio para outro. Non sae do despacho, pero recibe os exploradores. Pregúntalles e toma nota dos seus recordos. E se os recordos dun deles lle parecen interesantes, o xeógrafo manda facer un inquérito sobre a moralidade do explorador.

-¿Por que?

-Porque un explorador que mentise sería unha catástrofe para os libros de xeografía. Tamén un explorador que bebese demasiado.

-¿Por que? -preguntou o principião.

-Porque os borrachos ven dobre. Entón o xeógrafo poría dúas montañas onde só hai unha.

-Eu coñezo a un -dixo o principiño- que sería mal explorador.

-É posible. Cando a moralidade dun explorador parece boa, faise un inquérito sobre o seu descubrimento.

-¿Vaise ver?

-Non. Iso é demasiado trambilicado. Pídeselle ó explorador que traia probas. Se se trata, por exemplo, do descubrimento dunha gran montaña, haille que esixir que traia grandes pedras.

De súpeto, o xeógrafo sentiuse emocionado.

-Pero ti... ¡Ti vés de moi lonxe! ¡Ti es explorador! ¡Vasme describi-lo teu planeta!

E o xeógrafo, despois de abri-lo seu libro rexistro, afiou a punta do lápiz. Os relatos dos exploradores anótanse primeiro con lápiz. Para pasalos a pluma agárdase ata que se presenten as probas.

-A ver -dixo o xeógrafo.

-¡Oh! -dixo o principiño-. O meu país non é moi interesante. É pequeniño. Teño tres volcáns. Dous volcáns en actividade e un apagado. Pero nunca se sabe.

-Nunca se sabe -dixo o xeógrafo.

-Teño tamén unha flor.

-Nós non tomamos nota das flores - dixo o xeógrafo.

-¿Por que? ¡Son o máis bonito!

-Porque as flores son efémeras.

-¿Que significa «efémeras»?

-As xeografías -dixo o xeógrafo- son os libros máis serios de tódolos libros. Nunca pasan de moda. É moi raro que unha montaña cambie de sitio. É moi raro que un océano se baleire. Nós anotamos cousas eternas.

-Pero os volcáns apagados pódense espertar -interrompeu o principiño-. ¿Que significa «efémera»?

-Que os volcáns estean apagados ou espertos, é igual para nós -dixo o

xeógrafo-. O que conta é a montaña. Ela non cambia nunca.

-¿Pero que significa «efémera»? -repetiu o principiño, que na súa vida renunciara a unha resposta, unha vez feita a pregunta.

-Significa «que está ameazada de próxima desaparición».

-¿A miña flor está ameazada?

-Claro.

«A miña flor é efémera -dixo para si o principiño- ¡e non ten máis que catro espiñas para se defender do mundo! E deixeiña soíña no meu planeta».

De principio, arrepeniuse, pero recobrou o seu valor.

-¿Que planeta me aconsella visitar agora? -preguntou.

-A Terra -respondeulle o xeógrafo-. Ten unha boa reputación...

E o principiño foise, pensando na súa flor.

## XVI

O sétimo planeta foi, polo tanto, a Terra.



A Terra non é un planeta calquera. Nel cóntanse cento once reis (sen esquecer, claro está, os reis negros), sete mil xeógrafos, novecentos mil homes de negocios, sete millóns e medio de borrachos, trescentos once millóns de vaidosos, é dicir, arredor de dous mil millóns de persoas maiores.

Para que vos deades unha idea das dimensións da Terra, direivos que antes de que se inventase a electricidade, había que manter, sobre o conxunto dos seis continentes, un verdadeiro exército de catrocentos sesenta e dous mil cincocentos once faroleiros.

Visto dende lonxe, o efecto era espléndido. Os movementos deste exército estaban regulados como os dun ballet de ópera. Primeiro viñan os faroleiros de Nova Zelanda e de Australia. Acendían os seus farois e marchaban durmir. Entón tocáballe-lo turno de danza ós da China e de Siberia, que tamén se perdían despois entre bastidores. Logo viñan os faroleiros de Rusia e da India. A continuación, os de África e de Europa e, finalmente, chegaban os da América do Sur e da América do Norte. Nunca se trabucaban na súa orde de entrada na escena. Era grandioso.

Soamente o faroleiro do único farol do Polo Norte e o seu colega do único farol do Polo Sur, levaban unha vida de ociosidade e de descanso: traballaban dúas veces por ano.



## XVII

Cando se quere facer gracia, está un exposto a mentir un pouco. Non fun moi honrado ó falar dos faroleiros. Risco de dar unha falsa idea do noso planeta ós que non o coñecen. Os homes ocupan moi pouco sitio na Terra. Se os dous mil millóns de habitantes que a poboan se puxesen de pé e un pouco apretados, como nun mitin, caberían ben nunha praza de vinte millas de longo por vinte de ancho. A humanidade poderíase amontoar sobre o illote máis pequeno do Pacífico.

As persoas maiores seguro que non vos han crer. Imaxinan que ocupan moito sitio. Crenze importantes como os baobabs. Debedes aconsellarlles que fagan cálculos. Gustaralles, porque adoran as cifras. Pero non perdáde-lo tempo inutilmente con ese problema, xa que tedes confianza en min.

Cando chegou á Terra, o principiño sorprendeuse de non ver ninguén. Tiña xa medo de se ter equivocado de planeta, cando un anelo da cor da lúa se removeu na area.

-Boas noites -dixo o principiño.

-Boas noites -dixo a serpe.

-¿Sobre que planeta caín? -preguntou o principiño.

-Sobre a Terra, en África -respondeu a serpe.

-¡Ah...! ¿E non hai ninguén na Terra?

-Isto é o deserto. Nos desertos non hai ninguén. A terra é grande -dixo a serpe.

O principiño sentou nunha pedra e elevou os ollos ó ceo.

-Pregúntome -dixo- se as estrelas están acendidas para que cada un poida un día atopala súa. Mira o meu planeta. Está xusto por riba de nós... Pero ¡que lonxe queda!

-É fermoso -dixo a serpe-. ¿Que vés ti facer aquí?

-Teño dificultades cunha flor -dixo o principiño.

-¡Ah...!

E calaron.

-¿Onde están os homes? -preguntou logo o principiño-. Séntese un só no deserto...

-Tamén se está só entre os homes -dixo a serpe.

O principiño mirouna durante un anaco de tempo.

-Es un bicho raro, delgado como un dedo...



-Pero son máis poderosa có dedo dun rei -contestou a serpe.

O principiño sorriu:

-Ti non es poderosa... Non tes patas..., nin podes viaxar...

-Eu pódote levar máis lonxe que un navío -dixo a serpe.

Enroscouse arredor do nocello do principiño, como unha abrazadeira de ouro.

-Ó que lle toco, fágoo volver á terra de onde saíu. Pero ti es puro e vés dunha estrela...

O principiño non respondeu.

-Dásme pena, ti, tan débil sobre esta terra de granito. Pódoche axudar se un día botas moito de menos o teu planeta. Podo...

- ¡Oh! Xa te comprendin -dixo o principiño-, pero ¿por que falas sempre por medio de enigmas?

-Eu resólvoos todos -dixo a serpe.

E calaron.

## XVIII

O principiño atravesou o deserto e non atopou máis que unha flor. Unha flor de tres pétalos, sen importancia...

-Bos días, -dixo o principiño.

-Bos días -contestou a flor.

-¿Onde están os homes? -preguntou cortesmente o principiño.

A flor vira pasar un día unha caravana.

-¿Os homes? Coido que non existen máis de seis ou sete. Vinos hai anos, pero nunca se sabe onde atopalos. Lévaos o vento porque non teñen raíces, e iso debe ser moi molesto.

-Adeus -dixo o principiño.

-Adeus -dixo a flor.

## XIX

O principiño subiu a unha alta montaña. As únicas que tiña coñecido eran os tres volcáns que lle chegaban ós xeonllos. O volcán apagado usábao de taburete. «Dende unha montaña coma esta -dixo para si- poderei ver todo o planeta e a tódolos homes...». Pero non viu máis que as puntas aguzadas das rocas.

-Bos días -dixo ó chou.


-¡Bos días! ¡Bos días! ¡Bos días! -respondeu o eco.

-¿Quen es ti? -dixo o principiño.


-¿Quen es ti?... ¿Quen es ti?... ¿Quen es ti?... -respondeu o eco.

-Sede os meus amigos, estou só -dixo.

-¡Estou só!... ¡Estou só!... ¡Estou só!... -respondeu o eco.



«¡Que planeta máis raro! -pensou o principiño-. Está todo seco, aguzado e salgado. E os homes non teñen imaxinación. Repiten todo canto se lles di... Na miña terra eu tiña unha flor: ela falaba sempre a primeira».



## XX

Pero sucedeu que o principiño, despois de camiñar moito tempo por medio da area, as rocas e as neves, descubriu por fin un camiño. E os camiños van dar todos a onde habitan os homes.

-Bos días -dixo.

Era un xardín cheíño de rosas.

-Bos días -dixeron as rosas.


O principiño mirounas. Parecíanse todas á súa flor.

-¿Quen sodes? -preguntou estupefacto.

-Somos rosas -responderon as rosas.

-¡Ah...! -exclamou o principiño.

E sentiuse moi desgraciado. A súa flor díxerlle que ela era a única da súa especie en todo o universo. E velaquí que había cinco mil, todas parecidas, nun só xardín.



«Se ela vira isto -dicíase o principiño -sentiríase avergoñada, tosería



moitísimo e finxiría morrer para escapar do ridículo. E eu tería que facer que a coidaba porque se non, por me humillar a min tamén, deixaríase morrer de verdade...»

E seguiu dicíndose: «Eu coidaba que era rico, porque tiña unha flor única, e resulta que non teño máis que unha rosa ordinaria. Isto e os meus tres volcáns que me chegan ós xeonllos, un dos cales ademais ó mellor está apagado xa para sempre, non fan de min un príncipe moi importante que digamos...» E deitándose na herba, o principiño chorou.

## XXI

Entón apareceu o raposo.

-Bos días -dixo.

-Bos días -respondeu cortesmente o principião, que se volveu, pero non viu a ninguén.

-Estou aquí -dixo a voz-, debaixo da mazaira...

-¿Quen es ti? -preguntou o principião-. Es moi bonito...

-Eu son un raposo -dixo o raposo.

-Ven xogar comigo - propúxolle o principião-. ¡Estou tan triste...!

-Non podo xogar contigo -dixo o raposo-. Non estou domesticado.

-¡Ah...! ¡Perdón! -disculpouse o principião.

Pero despois de pensar un pouco, engadiu:

-¿Que significa «domesticar»?

-Tí non es de aquí -dixo o raposo-. ¿Que buscas?

-Busco ós homes -respondeu o principião-. ¿Que significa «domesticar»?

-Os homes -dixo o raposo- teñen escopetas e cazan. ¡É moi molesto! Tamén crían galiñas. Só son interesantes por esto. ¿Tí buscas galiñas?

-Non -contestou o principião-. Eu busco amigos. Pero ¿que significa «domesticar»?



-É unha cousa demasiado esquecida -dixo o raposo-. Significa «crear vencellos».

-¿Crear vencellos?

-Claro -dixo o raposo-. Ti non es aínda para min máis que un rapaciño semellante a outros cen mil rapaciños. E non me compres para nada. Tampouco ti tes necesidade de min. Para ti eu non son máis que un raposo semellante a outros cen mil raposos. Pero se ti me domesticas, teremos necesidade un do outro. Ti serás para min único no mundo. E eu tamén serei para ti único no mundo...

-Empezo a comprender -comentou o principiño-. Hai unha flor... Eu penso que ela me ten domesticado...

-É posible -dixo o raposo-. ¡Na Terra vense tantas cousas...!

-¡Oh! Non é na Terra -exclamou o principiño.

O raposo pareceu todo intrigado:

-¿Noutro planeta?

-Si.

-¿Hai cazadores nese planeta?

-Non.



-É interesante. ¿E galiñas?

-Non.

-Non hai nada perfecto -suspirou o raposo.

E despois, volvendo á súa idea, dixo:

-A miña vida é monótona. Cazo galiñas e os homes cázanme a min. Tódalas galiñas se parecen e tódolos homes se parecen tamén. Por iso abúrrome un pouco. Pero se ti me domesticas, a miña vida estará chea de sol e coñecerei un ruído de pasos diferente de tódolos demais. Os outros pasos fanme meter debaixo da terra. Os teus chamaranme, como se foran unha música. Ademais, mira. ¿Ves alá os campos de trigo? Eu non como pan. Para min o trigo é inútil. Os campos de trigo non me recordan nada, e iso é triste. Pero ti te-los cabelos dourados. Se me domesticas será marabilloso. O trigo, que é dourado tamén, traerame o teu recordo e gustarame escoita-lo ruído que fai o vento entre as meses...

O raposo calou e quedou mirando un bo anaco de tempo para o principiño.

-Por favor - díxolle-, domesticáme.

-De boa gana o faría -respondeulle o principiño-, pero non me queda tempo. Teño que descubrir outros amigos e coñecer moitas cousas aínda.

-Soamente se coñecen ben as cousas que se domestican -dixo o raposo-. Os homes non teñen tempo de coñecer nada. Mercan todo xa feito nas tendas, pero como non hai ningunha onde se vendan amigos, os homes non teñen amigos. ¡Se queres un amigo, domesticáme!

-¿Que hai que facer? -preguntou o principiño.

-Hai que ter moita paciencia -respondeu o raposo-. Primeiro, ti séntaste un pouco lonxe de min, así, sobre a herba, e eu mírote polo rabo do ollo. Ti non me dirás nada, porque a linguaxe é fonte de malentendidos. Pero cada día pódeste sentar un pouco máis preto de min...

O principiño volveu ó día seguinte.

-Fora mellor que viñeras á mesma hora -dixo o raposo-. Se vés, por exemplo, ás catro da tarde, dende as tres empezarei a ser feliz. E conforme vaia avanzando a hora, ireime sentindo máis feliz. Ás catro sentireime axitado e inquedo, para descubrir así o que custa a felicidade. Pero se ti vés a calquera hora nunca saberei cando teño que muda-lo corazón... Os ritos son necesarios.

-¿Que é un rito? -preguntou o principiño.

-É tamén unha cousa demasiado esquecida -dixo o raposo-. É o que fai que un día sexa diferente doutro día e que unha hora non se pareza ás outras horas. Entre os meus cazadores, por exemplo, hai un rito. Os xoves bailan coas mozas da vila. Entón o xoves é un día marabilloso: eu vou paseando ata a viña. Pero se os cazadores bailaran cando lles dera a gana, os días serían todos iguais e eu non tería nunca vacacións.

Deste xeito o principiño domesticou ó raposo. E cando estaba cerca a hora da despedida, o raposo dixo:

-¡Ah...! ¡Vou chorar!

-A culpa é túa -díxolle o principiño-. Eu non che quería facer mal, pero ti empeñácheste en que te domesticase...

E logo engadiu:

-Claro...

-Pero vas chorar...

-Claro...

-Entón pouco saíches gañando...

-Si que gañei -dixo o raposo-, gañei gracias á cor do trigo...

E logo engadiu:

-Volve mira-las rosas. Comprenderás que a túa é única no mundo. Ven despois a dicirme adeus e descubrireiche un segredo.

O principiño foi ve-las rosas.

-Vós non vos pareceades nada á miña rosa, vós non sodes nada - díxolles-. Ningúen vos domesticou e vós non domesticastes a ningúen. Sodes como era antes o meu raposo: Un raposo semellante a outros cen mil raposos. Pero eu fíxeno amigo meu e agora é único no mundo.

As rosas estaban moi molestas e o principiño aínda lles dixo:

-Sodes fermosas, pero estades baleiras. Ninguén sería capaz de da-la vida por vós. A miña rosa, se non se fixa un nela, podería parecer igual ca vós. Pero ela sabe que é máis importante ca todas vós xuntas, porque a reguei eu, porque eu a metín no fanal e abrigueina do vento, e porque lle matei os vermes (salvo dous ou tres que deixei para que chegaran a bolboretas). E porque moitas veces escoitei as súas queixas e as súas louvanzas e aínda tamén o seu silencio. En fin, porque é a miña rosa.

E volveu para se despedir do raposo.

-Adeus -díxolle.

-Adeus -dixo o raposo-. Velaquí o meu segredo. É moi simple: Soamente se ve ben co corazón. O esencial é invisible para os ollos.



-O esencial é invisible para os ollos -repetiu o principiño para non se esquecer.

-É o tempo que perdiches con ela o que fai á túa rosa tan importante.

-É o tempo que perdín coa miña rosa... -repetiu o principiño para se acordar.

-Os homes esqueceron esta verdade -dixo o raposo-, pero ti non a debes esquecer. Es responsable para sempre daquilo que domesticaches. Es responsable da túa rosa...

-Son responsable da miña rosa... -repetiu o principiño para se acordar.



*Antoine de Saint-Exupéry*



## XXII

-Bos días -dixo o principião.

-Bos días -dixo o garda-agullas.

-¿Que fas aquí? -preguntoulle o principião.

-Coloco os viaxeiros en paquetes de mil e despacho os trens que os levan, uns para a dereita e outros para a esquerda.

E un tren todo iluminado, ruxindo coma o trono, fixo trema-la caseta do garda-agullas.

-Levan ben presa... -dixo o principião-.¿Que buscan?

-Nin sequera o maquinista o sabe -dixo o garda-agullas.

E pasou ruxindo, en sentido contrario, outro tren iluminado.

-¿Volveu xa? -preguntou o principião...

-Non son os mesmos -contestou o garda-agullas-. É un cambio.

-¿Non se atopaban contentos onde estaban?

-Un nunca se sente contento onde está -dixo o garda-agullas.

E ruxiu de novo o trono dun terceiro tren iluminado.

-¿Van perseguindo ós primeiros viaxeiros? -preguntou o principião.

-Non perseguen absolutamente nada -dixo o garda-agullas-. Alí dentro dormen ou boquexan. Soamente os nenos esmagan o seu nariz contra os cristais.

-Soamente os nenos saben o que buscan -dixo o principião-. Perden o tempo cunha boneca de trapo, que se converte en algo moi importante para eles, e se llela levan, choran...


-Teñen sorte -dixo o garda-agullas.

## XXIII

-Bos días -dixo o principião.

-Bos días -dixo o comerciante.

Era un comerciante de píldoras perfeccionadas que quitan a sede. Engúlese unha por semana e vanse as ganas de beber.



-¿Por que vendes iso? -preguntou o principião.

-Porque con isto afórrase moito tempo. Os expertos fixeron cálculos e afórranse cincuenta e tres minutos á semana.

-¿E que se fai con eses cincuenta e tres minutos?

-Cada un fai deles o que quere...

«Eu -pensou o principião- se tivera cincuenta e tres minutos, camiñaría paseniño cara a unha fonte...».

## XXIV

Estabamos xa no oitavo día da miña avaría no deserto e escoitaba a historia do comerciante bebendo a última gota da miña provisión de auga.

-¡Ah! -díxenlle ó principiño- as túas lembranzas son moi fermosas, pero eu aínda non reparei o meu avión e non teño nada para beber. Tamén eu sería feliz se puidera camiñar paseniño cara a unha fonte...

-O meu amigo o raposo... -díxome.

-¡Meu rapaciño, non se trata do raposo!

-¿Por que?

-Porque imos morrer de sede...

Non comprendeu o meu razoamento e respondeume:

-Aínda que un vaia morrer, é bo ter un amigo. Eu estou moi contento de ter un amigo raposo...

É incapaz de medi-lo peligro -pensei-. Nunca tivo nin fame nin sede. Abóndalle un pouco sol...

Pero miroume e respondeu ó meu pensamento:

-Eu tamén teño sede... Vamos buscar un pozo...

Fixen un xesto de cansazo. É absurdo buscar un pozo na inmensidade do deserto. Sen embargo, puxémonos en camiño.

Cando levabamos camiñado dúas horas en silencio, caeu a noite e as estrelas comezaron a brillar. Eu víaas como en soños, pois a causa da sede tiña algo de febre. As palabras do principiño danzaban na miña memoria:

-¿Tí tamén tes sede? -pregunteille.

Pero non me respondeu. Dixo simplemente:

-A auga tamén pode ser boa para o corazón...

Non entendín o que quería dicir, pero calei. Sabía moi ben que non se lle

debían facer preguntas.

O principiño estaba canso e sentou. Eu sentei á beira del e despois dun bo anaco de silencio dixo:

-As estrelas son fermosas gracias a unha flor que non se ve...

Respondinlle que «seguramente» e quedei mirando, sen dicir palabra, as enrugas da area baixo a lúa.

-O deserto é fermoso -engadiu.

E era certo: A min sempre me gustou o deserto. Senta un sobre unha duna e non se ve nada, non se escoita nada ... Sen embargo, hai algo que brilla no silencio...

-O que fai máis fermoso o deserto é que esconde un pozo en calquera parte...

Quedei sorprendido ó comprender de repente o significado daquel misterioso brillar da area. Cando eu era neno vivía nunha casa vella onde, segundo unha lenda, había un tesouro soterrado. Nunca ninguén o soubo descubrir ou quizais nin o buscaron sequera. Pero a casa enteira estaba encantada por el. A miña casa gardaba un segredo no fondo do seu corazón.

-Si -díxenlle ó principiño- trátese da casa, das estrelas ou do deserto, o que os fai fermosos é invisible.

-Gústame que esteas de acordo co meu raposo...

Como o principiño ía quedando durmido, collino nos meus brazos e púxenme novamente en camiño. Estaba emocionado. Parecíame que levaba un tesouro fráxil e que non había nada máis fráxil sobre a Terra. Á luz da lúa ía contemplando aquela fronte pálida, aqueles ollos pechados, aqueles cabelos que tremían co vento... e dicíame: Isto que vexo non é máis que a codia, o máis importante é invisible...

Entón os seus beizos entreabertos esbozaron un sorriso e pensei: «O que me emociona tanto deste principiño durmido é a súa fidelidade a unha flor, a imaxe dunha rosa que brilla nel coma a chama dunha lámpada, aínda cando dorme...». E pareceume máis fráxil o principiño. Ás lámpadas hainas que protexer: unha lufada de vento pódéalas apagar...

E camiñando deste xeito, ó romper do día descubrín o pozo.

## XXV

-Os homes -dixo o principiño- enfórnanse nos trens, pero non saben o que buscan. Por iso se axitan e dan voltas.


E engadiu:

-Non vale a pena...

O pozo que atopamos non se parecía nada ós pozos do Sahara. Os pozos do Sahara son simples buracos cavados na area. Aquel parecía o pozo dunha vila, pero alí non había ningunha vila, e a min parecía que estaba soñando.

-É raro -díxenlle ó principiño-. Está todo listo para sacar auga: a polea, o caldeiro e a corda...

Riu, colleu a corda e fixo xira-la polea, que xemeu como xeme unha vella veleta cando o vento leva moito tempo durmido.



-¿Oes? -dixo o principiño-. Despertámo-lo pozo e agora canta.

Non quería que fixese esforzos e díxenlle:

-Déixame a min. Isto é demasiado pesado para ti.

Subín paseniño o caldeiro ata o peitoril do pozo e deixeiño alí. Aínda soaba nos meus oídos o canto da polea, e na auga que estaba tremendo, vía treme-lo sol.

-Teño sede desta auga -dixo o principiño-. Dáme de beber...

¡Comprendín entón o que el buscara!

Erguín o caldeiro ata os seus beizos e bebeu cos ollos pechados. Aquela auga era doce coma unha festa. Era algo máis que un alimento. Nacera do noso camiñar baixo as estrelas, do canto da polea, do esforzo dos meus brazos. Era como un regalo para o corazón. Cando eu era neno, a luz da árbore de Nadal, a música da misa do galo, a dozura dos sorrisos, todo lle daba aquel fermoso brillar ós regalos que me botaban os Reis.

-No teu planeta -dixo o principiño- os homes cultivan cinco mil rosas no mesmo xardín... e non atopan o que buscan...

-Non, non o atopan -respondinlle.

-E nembargantes o que eles buscan podería atoparse nunha soa rosa ou nunha pouca auga...

-Seguro -respondín.

E o principiño engadiu:

-Os ollos están cegos. Hai que buscar co corazón.

Eu bebera, e respiraba ben. A area ó romper do día é da cor do mel. E eu sentíame ditoso de poder gozar desta cor. ¿Por que tiña que sentir pena...?

-Tes que cumpri-la túa promesa -díxome docemente o principiño, que se volvera xa sentar á miña beira.

-¿Que promesa?

-Xa sabes... un bozo para o meu año... Eu son responsable da miña flor...

Saquei do meu peto os debuxos que esbozara. Cando os viu, o principiño dixo rindo:

-Os teus baobabs parecen repolos.

-¡Oh!



¡E eu que estaba tan orgulloso dos baobabs!

-E o raposo... as orellas parécenlle cornos. ¡Son demasiado longas!

E volveu rir.

-Es inxusto, rapaciño. Eu non sabía debuxar máis que «boas» abertas ou «boas» pechadas.

-Oh, todo se arranxará -dixo-. Os nenos saben.

Debuxei entón un bozo e, co corazón encollido, entregueillo:

-Ti tes proxectos que eu ignoro...

Pero non me respondeu.

-¿Sabes? -díxome-. Mañá fai un ano que caín na Terra.

E despois dun silencio, engadiu:

-Caín moi preto de aquí...

Púxose vermello e, novamente, sen saber por que, sentín unha pena estraña. Mentres tanto, ocorréuseme unha pregunta:

-Entón, a mañá que te coñecín, hai oito días, non paseabas ó chou, ti só, a mil millas de distancia do lugar habitado máis próximo... ¿É que voltabas ó punto onde caeras?

O principiño volveuse poñer vermello.

E tartariñando engadín:

-¿Quizais polo aniversario...?

O principiño púxose vermello novamente. Non respondía ás preguntas, pero cando un se avermella, quere dicir que «si», ¿verdade?

-¡Ah! -díxenlle-. Teño medo...

Pero respondeume:

-Agora tes que traballar. Volta onda a túa máquina. Eu agárdote aquí. Volve mañá...

Pero eu non me atopaba tranquilo. Lembrábame do raposo. Se un se deixa domesticar, expónse a chorar un pouco...



## XXVI

Á beira do pozo había un vello muro de pedra en ruínas. Cando volví do meu traballo, ó día seguinte á tardiña, dende lonxe vin ó principiño sentado no alto, coas pernas colgando. Oín que dicía:

-¿Non te lembrás? ¡Non foi aquí, estou seguro!

Había outra voz que lle respondía, sen dúbida, porque contestou:

-Si, si, foi ese día, pero este non é o lugar...

Seguín andando cara ó muro. Non vía nin oía a ninguén, nembargantes o principiño respondía de novo:

-¡Seguro! Xa verás onde comencan as miñas pisadas na area. Non tes máis que agardar alí. Irei esta noite.

Eu atopábame a vinte metros do muro e aínda non vía a ninguén.

Despois dun anaco de silencio, o principiño dixo:

-¿Tes un bo veneno? ¿Non me farás sufrir moito tempo?


Detívenme de repente, co corazón encollido, pero sen comprender nada aínda.

-Agora vaite -dixo-, quero baixar de aquí...

Entón baixei os meus ollos ata o pé do muro e peguei un brinco. Unha cobra desas amarelas que matan a unha persoa en menos de trinta segundos erguíase fronte do principiño.

Buscando o meu revólver no peto, boteime a correr, pero fixen ruído e a cobra deixouse caer docemente na area, como un chafarís de auga que morre e, sen se apurar demasiado, foise esvarando entre as pedras cun lixeiro ruído de metal.

Cheguei ó muro co tempo xusto para recoller nos meus brazos ó pequerrecho principiño, que estaba branco coma a neve.



-¡Que historia é esta! ¡Ti falas tamén coas cobras!

Quiteille a súa bufanda de ouro, molleille as sens e deille de beber. Non me atrevía a lle preguntar nada. Miroume con moita tristeza e abrazoume con forza. Oía bate-lo seu corazón como o dun paxariño que morre dun tiro de escopeta. Díxome:

-Alégrome de que arranxára-la avaría da túa máquina. Agora poderás volver á túa casa...

-¿Como é que o sabes?

Viña xustamente a lle dicir que, contra toda esperanza, conseguira rematalo meu traballo.

Non respondeu á miña pregunta, pero dixo:

-Tamén eu volto hoxe para a miña casa.

E logo, con moita melancolía, engadiu:

-¡É máis lonxe... e é ben máis difícil...!

Decatábame de que algo extraordinario estaba a pasar. Estreiteino nos meus brazos como a un meniño, pero pareceume que se fundía nun abismo sen que eu puidese facer nada para impedilo.

Tiña unha ollada seria, perdida ó lonxe...

-Teño o teu año e a caixa para metelo. E teño o bozo...

Sorriu con melancolía.

Agardei bastante tempo. Cando sentín que ía recobrando a calor, díxenlle:

- Tiveches medo, pequeniño...

Claro que o tivera, pero sorriu docemente:

-Terei máis medo esta noite...

Sentín que de novo me xeaba un sentimento de algo irreparable. E comprendín que non soportaba a idea de non volver oír nunca máis aquel riso, que era para min como unha fonte no deserto.

-Meu pequeno, quero escoitar outra vez o teu riso...

Pero díxome:

-Esta noite fará un ano. A miña estrela atoparase xusto enriba do lugar onde caín o ano pasado...

-¿Verdade que esta historia da cobra, da cita e da estrela non é máis que un mal soño?

Pero non contestou á miña pregunta. Dixo:

-O que é importante non se ve nunca.

-Seguro...

-É como a flor. Se che gusta unha flor que se atopa nunha estrela, é ben bonito mirar ó ceo pola noite. Tódalas estrelas están cheínas de flores.

-Seguro...

-É como a auga. A que ti me deches era como unha música, a causa da polea e da corda... ¿Lémbraсте? ¿Que rica estaba!

-Seguro...

-Polas noites ti mirara-las estrelas. A miña é tan pequeniña que nin sequera cha podó ensinar dende aquí. É mellor así. A miña estrela será para ti unha estrela de tantas. Deste xeito gustarache ollar tódalas estrelas. Todas serán amigas túas. Ademais vouche facer un regalo...

Riu outra vez.

-¡Ah, meu pequeniño, meu pequeniño, como me gusta oí-lo teu riso!

-Pois ese é o meu regalo. Será como a auga...

-¿Que queres dicir?

-As estrelas non son a mesma cousa para todo o mundo. Para os que viaxan, as estrelas son guías. Para outros non son máis que luces pequerrechas. Para os sabios son problemas. Para o meu home de negocios eran ouro. Pero todas estas estrelas están caladas. Ti en cambio terás estrelas como ninguén as ten...

-¿Que queres dicir?

-Cando mires ó ceo, polas noites, como eu vivirei e rirei nunha delas, entón será como se risen tódalas estrelas. Terás estrelas que saben rir.

Riu outra vez.

-E cando estea xa consolado (sempre se acaba consolando un) sentiraste contento de me ter coñecido. Sera-lo meu amigo e terás ganas de rir comigo. Ás veces abrira-la túa fiestra soamente por pracer... E os teus amigos quedarán pasmados de te ver rir ollando o ceo. Entón diraslles: «Si, as estrelas fanme rir sempre». Eles pensarán que estás tolo. E eu fareiche deste xeito, unha mala xogada.

E riu outra vez.

-Será como se en vez de estrelas, che dera un montón de axouxeiros que soberan rir.

Riu unha vez máis e despois púxose serio.

-Esta noite... ¿sabes?... non veñas...

-Non te deixarei.

-Terei aspecto de enfermo... como se fora morrer. Non vale a pena que

veñas...

-Non, eu non te deixarei.

Pero el estaba preocupado.

-Dígoche isto por culpa da cobra... Non quero que che morda. As cobras son malas e ás veces morden por pracer...

-Non, non te deixarei.

Pero algunha cousa o sosegou:

-Claro que non teñen veneno para unha segunda mordida.

Aquela noite non o vin poñerse en camiño. Foise sen facer ruído. Cando conseguín alcanzalo, andaba con paso rápido e decidido. Soamente me dixo:

-¡Ah! Estás aí...

Colleume pola man. Aínda estaba preocupado:

-Fixeches mal. Vas sentir pena, porque vou ter aspecto de estar morto, aínda que non sexa certo.

Eu calaba.

-Comprende, é demasiado lonxe. E eu non podo levar comigo este corpo. Pesa demasiado.

Eu seguía calado.

-Pero isto será como unha vella codia abandonada. E as codias vellas non son tristes...

Eu seguía sen dicir nada.

El ía perdendo ánimos. Pero fixo aínda un esforzo e dixo:

-Será agradable, ¿sabes? Eu tamén mirarei as estrelas. Tódalas estrelas serán pozos cunha polea enferruxada. Tódalas estrelas me darán de beber...

Eu seguía calado.

-¡Será tan divertido! Ti terás cincocentos millóns de axóuxeres, e eu terei cincocentos millóns de fontes...



O príncipiño calou tamén, porque estaba chorando...

-É alí. Déixame ir só.

E sentou porque tiña medo.

-¿Sabes? -dixo-, a miña flor... eu son responsable dela. ¡É tan flebe e tan inocente! Soamente ten catro espiñas de nada para se defender do mundo...

Sentei porque xa non me tiña de pé.

-Aí está... iso é todo -dixo o príncipiño.





Despois dun momento de dúbida, ergueuse e deu un paso. Eu non me podía mover.

Non foi máis que un lóstrego amarelo no seu nocelo. Ficou un instante inmóbil. Non lle escapou un só berro. Caeu lentamente, como cae unha árbore, sen facer ruído, a causa da area.



## XXVII

Agora pasaron xa seis anos dende aquela. Nunca contei esta historia. Os compañeiros que me volveron ver alenáronse de me atopar vivo. Eu estaba triste, pero dicíalles: «É o cansazo».

Co tempo consoleime un pouco, pero non de todo. Sei que voltou ó seu planeta porque ó romper do día xa non atopei o seu corpo, que non era tan pesado... Gústame escoita-las estrelas pola noite. É como se escoitara cincocentos millóns de axóuxeres.

Pero ocorre algo extraordinario. Esquecinme de poñerlle a correa de coiro ó bozo que pinteí para o principiño. Seguro que non lla puido atar ó año. Entón eu preguntome: ¿Que sucedería no seu planeta? O mellor, o año comeu a flor...


Unhas veces digo para min: «¡Seguro que non! O principiño pecha tódalas noites a flor na súa campá de cristal e vixía o año...». Entón síntome ditoso e tódalas estrelas rin docemente.

Pero outras veces penso: «Un distráese de cando en cando, e abonda con iso. Ó mellor, unha noite esqueceuse da campá de cristal ou o año saíu sen facer ruído...». ¡Entón, os axóuxeres convértense en bágoas...!

Aí está o gran misterio. Para vós, que amáde-lo principiño, como para min, todo será distinto no universo, se en calquera parte, non se sabe onde, un año que non coñecemos comeu ou non comeu unha rosa...

Ollade o ceo e preguntádevos: ¿Comeu ou non comeu o año a flor? E veredes como todo cambia.

¡E ningunha persoa maior chegará a comprender xamais que isto teña tanta importancia!



Esta é, para min, a máis fermosa e a máis triste paisaxe do mundo. É a mesma paisaxe da páxina anterior, pero volvina debuxar para ensinárvola ben. Aquí foi onde o principiño apareceu sobre a Terra, e aquí desapareceu despois.

Fixádevos ben nesta paisaxe para estar seguros de recoñecela se algún día visitades África e atravesáde-lo deserto. Se pasades por alí, prégovos que non pasedes correndo. Agardade un intre, xusto debaixo da estrela. Se un neno se achega a vós, se ri, se ten cabelos de ouro, se non contesta cando se lle pregunta, adiviñaredes de seguida quen é. ¡Entón, sede amables con el! E non me deixedes tan triste: escribídeme axiña para me dicir que voltou...